

Buenos Aires, 8 de Maio do 1978

Sr, Dn.

Xosé Maria Monterroso Devewa

Ramon de La Sagra 8-9º 1.

A Cruña.

Da miña outa estima:

Un groso erro sofre o ben querido amigo Isaac Diaz Pardo se afirma que foi no 1949 cando se deu no Solis de Montevideo, a peza de Castelao "Os vellos non deben de namorarse", e que foi un dato dado por min...

Por desgracia xá en Outono do 1949, Castelao estaba no leito deica o seu pasamento ocorrido tres meses despois; a noite do 6 o 7 de Xaneiro do 1950.

Non; ten razón Maruxa Villanueva. Os "Vellos non deben de enamorarse" levámola a Montevideo", dispois de encetala no Maio de Buenos Aires, en Agosto do 1941, e puxose en escaea no Solis, no mes de Outono; aconteceu 6 ano seguinte da chegada a Buenos Aires, 1940.

Anque Castelao era respetado por as autoridades Arxentinas non deixaba de sere un "roxo", e tiña certas limitacios, e sería esa a razón por a que non nos acompañou a Montevideo para o estreno da sua obra; enton ocurriuseme a min facer un mensaxe grabado e acompañeino o Correo Central, onde funcionaba o "Fonopostal" ou sexa; carta verbal, que gracias a miña ocorrencia, se conserba para Galicia a voz do Guieiro, no disco orixinal...

Fraceme remesar a vostede istos datos veraces: estrenada no Solis de Montevideo o 8 de Outubro do 1941.

*Fico ás suas ordens para o que for preciso. Fernando Iglesias Tacholós*